

Siguen os problemas coa contratación de profesores de galego 43 plazas en toda Galicia quedaron sen dotación económica

X.D.

Corenta e tres profesores de galego non puideron aínda escomenzar as clases nos centros de Formación Profesional e BUP por non estar dotadas economicamente as súas plazas. A denuncia ven da **Asamblea de Profesores de Lingua Galega e dos propios profesores en paro**, pero tamén a Xunta de Galicia recoñecía a pre-

O problema prantexouse cando chegaron as dotacións económicas ás delegacións provinciais de Educación sen que se especificara nelas o destino das distintas cantidades de diñeiro por curso e asignatura. Seica as delegacións fixeron o seu propio reparto marxinando as dotacións de lingua galega que, segundo o profesorado, «segue a ser considerada como unha asignatura de segunda clase, polos propios estamentos oficiais e educativos».

Intentando solucionar o problema

a dirección xeral de personal dotou dez plazas de FP, pero nunhas condicións que o profesorado non considera xustas nen aceptables. Os profesores contratados teñen un carácter moi provisional, renovándose os contratos cada tres meses, trátanos como «sustitutos», e entre outras cousas, non cobran pagas extraordinarias.

O portavoz da Xunta de Galicia explicou a este periódico que o tema estaba en vías de solución, aunque seguramente até o mes de xaneiro non

guntas da nosa redacción que «hai algúns problemas que aínda non están resoltos e queremos solucionar nas próximas semanas». Un portavoz da Consellería de Cultura explicou a HOJA DEL LUNES que dende hai varias semanas se está a traballar no tema pra regularizar en tódolos centros estatais o ensino da lingua galega, que este ano se imparte xa oficialmente en todo FP e nos tres cursos de bacharelato.

entrarian os novos profesores. O presidente da Xunta e o delegado do goberno —que hoxe recibe ós profesores en paro— solicitarán do ministerio de Educación e do ministerio de Facenda unha nova dotación económica pra cubrir as plazas.

Segundo as nosas noticias hai vinte licenciados de galego-portugués sen traballo, case todos eles da última promoción, e varios profesores mais con habilitación da Xunta e capacitación pra dar clases de galego no ensino medio. Este profesorado reuniuse o pasado sábado na Facultade de Filoloxía, en Santiago, pra estudar a situación e celebraron xa varias reunións con autoridades académicas.

1 CEN FIRMAS EN SOLIDARIDADE

Un escrito con cen firmas chega á nosa redacción pronunciándose sobre o tema nos seguintes termos: «Os abaixo firmantes —di o escrito— traballadores, intelectuais, estudantes, etc. asistentes ó ciclo de conferencias sobor do tema **ACHEGAMENTO A LITERATURA ACTUAL GALEGA**, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, desexamos mostrar diante da opinión pública a nosa so-

lidaridade cos profesores de galego en paro casi como esiximos dos organismos competentes (Ministerio de Educación, Comisión Mixta da Xunta de Galicia, Delegacións de Educación, etc.) os seguintes puntos:

1) Que se concedan os cretos ministeriais pertinentes para que o ensino da lingua galega se poda levar a cabo no presente curso.

2) Que se leve a cabo a inmediata contratación do personal docente para impartir ditas clases, hoxe, profesores de galego en paro.

DENUNCIAMOS así mesmo:

A todo o «aparato legal» vixente que coa sua mala administración están causando un grave prexuício á lingua galega (nin xiquera se están cumprindo as previsións do fraco «Decreto de Bilingüismo») impedindo así a normalización do galego e da nosa cultura.

Os abaixo firmantes coidamos que un paso importante na normalización da nosa cultura e da nosa lingua é que esta se imparta como asignatura oficial nos vixentes plans de estudos, para a cal é cuestión imprescindible que se cumplan os puntos arriba espostos, e sexan dotadas as 43 prazas vacantes asistentes hoxe en BUP, EXG e FP».

HOJA DEL LUNES
26/X/1981